
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O LUNS, DÍA 12 DE
DECEMBRO DE 2016**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:54 horas do luns día 12 de decembro de 2016, coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior
- 2) Informe do Director
- 3) Premios Extraordinarios Fin de Carreira
- 4) Proposta de nomeamento de catedrático emérito
- 5) Medallas 25 anos da Escola
- 6) Quinquenios docentes de profesores da Escola
- 7) Criterios de avaliación do programa ACADEMIA de acreditación nacional de profesores
- 8) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Cea Gómez	Luis
Colominas Ezponda	Ignasi
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Jácome Burgos	Alfredo
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Lage	Isabel
Medina Rodríguez	Luis Esteban
Montenegro Pérez	Luis
Nárdiz Ortiz	Carlos
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nogueira Garea	Xesús Antón

Novales Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Padilla Benítez	Francisco
Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Pérez Pérez	Ignacio
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdrez.-Vellando Fdez.-	
Carvajal	Pablo
Rodríguez Bugarín	Miguel Domingo
Suárez López	Joaquín
Taboada Vázquez	Raquel
Toledano Prados	Mar
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel
Vázquez Herrero	Cristina Mercedes
RESTANTES CATEGORÍAS PDI	
González Taboada	Iris
Martínez Díaz	Margarita
ESTUDANTES	
PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	
Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Caruncho Cea	Ana María
Cruz Viqueira	María Pilar
Romero Rozas	Rubén

EXCUSAN:

Rodríguez Pasandín Ana María

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1) Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior

Non hai comentarios ás actas coa excepción da intervención do profesor Jaime Fe, quen indica que está mal escrito o nome do profesor Fernando López Peña. Corríxese.

Apróbanse.

2) Informe do Director

Comeza o informe coas novas relativas a persoal. Respecto a profesorado, houbo unha única variación polo cambio de situación do profesor Luís Ramírez que pasou de interino a Axudante doutor. Tamén saíu unha praza de interino de substitución para substituír a Hector gómez na súa excedencia de un ano. Tamén se produciu a xubilación dos profesores Antonio Fernández Garitaonandía e César García Cordovilla. No sector PAS,

non houbo variacións. Si que houbo un cambio na concesión do servizo de limpeza que era CLECE e agora é Limpiezas Salgado.

Continúa o informe explicando a situación das titulacións da Escola, explica que empezou a funcionar a nova versión do TECIC cos cambios que o dotan das competencias. O Máster de Enxeñaría aeronáutica non foi aceptado pola Xunta, dado que non admitiu ningún novo título de Máster e polo tanto tampouco se aprobou este. Aduciron isto ó cambio de goberno e que neste ano non se admitían cambios no panorama de titulacións.

Consultouse ó Reitor sobre as acreditacións EURACE das titulacións da Escola, solicitouse unha vez máis, o cal xa se fixera previamente. Tocaría facelo tamén para o Máster no ano 2018.

No que respecta ó CITEEC, a UDC ten intención de facer un acto de presentación da remodelación no ámbito empresarial. Foise postpoñendo e aínda non se coñece a data en que se realizará.

Respecto á reestructuración de departamentos da universidade, produciuse un cambio no número de departamentos. Expresa que na súa opinión estes cambios non foron positivos para a Escola. Os profesores desta Escola pasaron a estar en máis departamentos diferentes trala remodelación.

Sigue explicando os próximos actos que se desenvolverán na Escola, o ano que ven haberá dous congresos, por unha banda o congreso de ACHE que será nunha semana de xuño na que non interferirá coas actividades docentes. Tamén haberá unhas xornadas de enxeñaría da Auga.

Este venres terá lugar o acto de entrega de diplomas, con algunhas novidades, un premio máis, sería o premio da Aula de Compañía de Tranvías da Coruña. Xa se reuniron todos os tribunais dos premios e xa se coñecen os premiados. Tamén indica que este acto coincide co 25 aniversario da Escola e haberá referencias a esta celebración. Comenta que ademais está prevista a asistencia do presidente da Xunta ó acto.

3) Premios Extraordinarios Fin de Carreira

A universidade ten unha convocatoria de premios extraordinarios fin de carreira, sen embargo non hai premios para estudantes de máster, solicitouse que se habiliten premios para estas titulacións. Os estudantes que reciben o premio este ano serían:

- ECCP: Raquel Lopez Pereira
- GTEC: Alejandro Soriano Sutil
- GEOP: Alberto Prieto Arranz

Apróbase.

4) Proposta de nomeamento de catedrático emérito

O Director explica que o profesor Manuel Casteleiro se xubila e considera que ten méritos máis que suficientes para ter esta consideración. O departamento xa manifestou o seu apoio a esta candidatura.

Apróbase.

5) Medallas 25 anos da Escola

Esta proposta, en caso de aprobarse, levaríase a cabo durante o primeiro trimestre do ano vindeiro. O obxectivo sería entregar unha serie de medallas a persoas que apoiaron e contribuíron á fundación, consolidación e funcionamento da Escola durante estes 25 anos, durante un acto académico que se organizaría antes do verán.

Apróbase.

6) Quinquenios docentes de profesores da Escola

O Director explica que está aberta a convocatoria de quinquenios docentes e pasa a ler os nomes dos profesores que o solicitaron:

Departamento de Enerxía e Propulsión Marina:

- Mar Toledano Prados

Departamento de Tecnoloxía da Construcción:

- Victor Barrientos Rodríguez
- Diego Carro López
- Javier Eiras López
- Luís Montenegro Pérez
- Francisco Padilla Benítez
- Francisco Javier Samper Calvete
- Fernando Martínez Abella

Departamento de Métodos matemáticos e de Representación:

- Juan Román Acinas García
- Julia Álvarez García
- José Anta Álvarez
- Xabier Eduardo Domínguez Pérez

- Margarita Novales Órdax
- José París López
- Luís Pena Mosquera
- Ignacio Pérez Pérez

Infórmanse favorablemente as peticións

7) Criterios de avaliación do programa ACADEMIA de acreditación nacional de profesores

Este punto introduciuse a petición da Comisión Permanente. Indica que considera que é preciso un pronunciamento desde os órganos colexiados das universidades sobre esta cuestión. Houbo un decreto de 2015 sobre como se xestiona a obtención da acreditación por parte da ANECA que resultou nun endurecemento desproporcionado dos criterios para algunhas áreas de coñecemento.

Os cambios máis importantes están en que as solicitudes facíanse a un ámbito de coñecemento. Sen embargo, neste decreto as cousas cambian xa que se asignan unhas áreas concretas a cada ámbito e a unha única comisión xulgadora. Indica tamén que os criterios que se estableceron son moi elevados provocando a paralización das acreditacións e producindo a hibernación das acreditacións.

Solicitouselle ó Reitor para que se trate no próximo consello de goberno e que se pronuncie sobre esta cuestión.

Apróbase un pronunciamento instando á Reitoría da Universidade a que utilice todos os recursos que estean na súa man para que estes criterios se paralicen, e para que se volte a un sistema de acreditación racional e academicamente aceptable.

8) Quenda aberta de palabra

Non hai intervencións

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13:30 horas do luns 12 de decembro de 2016.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico